

A MURALLA DE LUGO



MALENA SANTIAGO CASTIÑEIRAS – 3ºB

A **Muralla de Lugo** é unha **fortificación** que data do Imperio Romano **situada na cidade de Lugo** (cidade á que os romanos chamaban LUCUS AUGUSTI), na provincia do mesmo nome, en Galicia, sendo a única muralla destas características que se conserva no mundo. Comezou a súa construción probablemente cara ao ano 260, ao medrar a importancia de Lucus Augusti(Lugo) como centro de comunicacións e comercial do norte da Península Ibérica. A devandita construción alongouse moito (ata a época de Constantino), rematando sobre o ano 325. Moitos séculos máis tarde, xa no século XX,(no ano 1921), quedou catalogada como Monumento Nacional, e case oitenta anos máis tarde(o 30 de novembro do ano 2000), a UNESCO, declaroua **Patrimonio da Humanidade**





O **perímetro** da muralla,(é dicir, todo arredor), é de 2.266 metros. A súa forma é unha elipse imperfecta(semellante á órbita


dun planeta) . É máis alta nuns sitios ca noutros. Hai zonas nas que ten 8 metros de altura e noutras pode chegar ata os 12 metros.

É unha das fortificacións máis grandes do seu tempo..



Ten torres de dúas formas: unhas redondas e outras cadradas. Cando se fixo tiña 85 torres. Pero agora so quedan 71 (sesenta de

forma circular e once con forma cuadrangular),




Estas torres ao principio tiñan dous pisos e xanelas . Na torre Mosqueira aínda podemos ver algún destes restos.



A muralla fíxose para defender á cidade e aos que vivían nela. Co paso do tempo foi desaparecendo a metade superior en case toda ela, e nas partes que quedaron tamén se fixeron moitos

cambios.

Ao principio, a muralla tiña cinco portas, e despois, como a cidade se facía máis grande, abríronse



outras cinco.





Foi construída con pedras planas(laxas) de lousa e bloques de granito. As lousas forman o armazón exterior da muralla e os bloques de



granito foron empregados sobre todo para reforzar as torres que estaban sobre as portas.

Para facela utilizaron unha especie de masa fabricada con terra, pedra solta , tamén cantos, e auga.

Aínda non se sabe moi ben porque se fixo así. Pois había zonas habitadas importantes que quedaron sen protexer(defender) e outras moito menos importantes, nas que non vivía ninguén que quedaron dentro da protección da muralla.

Está feita nun terreo con moitas zonas altas e baixas.

Do trazado podemos destacar ademais estes tramos:

Torre da Mosqueira

Paseo dos Coengos

Reduto de María Cristina

Pola cima de toda a muralla hai un paseo, que a percorre completamente, e que é moi usado por tódolos lucenses. Isto fai que a muralla sexa unha rúa máis da cidade.



A muralla, para a súa función defensiva tiña un **foxo, a propia muralla e o *intervallum*.**

Pero a mellor defensa era o lugar onde estaba situada e tamén a forma do terreo(relevo) que rodeaba á cidade de

Lugo.

Para entrar na cidade, a muralla tiña 5 portas. Dende cada unha entrábase a a unha das rúas máis importantes da cidade.. Moitos anos máis tarde (entre 1853 e 1921) abríronse outras cinco, porque a cidade cada vez facíase máis grande.

Destas dez portas existentes, seis son peonís(so poden usalas os peóns) e polas outras catro poden pasar vehículos. Pero a maior parte do recinto amurallado é totalmente pernill,(so se pode percorrer camiñando).





FOTOS: Wikimedia Commons(Creative Commons)